




1. EMPRAZAMENTO




DATOS XERAIS

Comarca: Rías Altas. Sector: Ría de Viveiro. Municipios: Xove e Viveiro. Parroquias: San Pedro de Xuances (Xove) ao leste e San Xiao de Faro (Viveiro) ao oeste. Extensión: 1,27 km²

2. CARACTERIZACIÓN

ELEMENTOS NATURAIS



AS FORMAS DO RELEVO

Costa elevada e separada tectonicamente do seo de Esteiro. Os montes Faro e Pedrouzo, -roldan os 200 m- alcanzan a costa e explican os potentes acantilados convictos. Un estreito corredor tectónico permite a acumulación sedimentaria de Porto Novo.

AS UNIDADES LITOLÓXICAS

A unidade pertence ao dominio herciniano, representado por granodioritas e tonalitas orientadas que ocupan case toda a unidade, cunha facies de granodiorita cataclástica no sector de Punta de Faro. No alto do Pedrouzo e no sector máis próximo á área sedimentaria de Esteiro aflora un granito de dúas micas tamén herciniano. Un enclave de neises migmatizados define os acantilados entre as puntas de Campo Millán e Portonovo.

A DIVERSIDADE CLIMÁTICA

Ambiente climático Cálido e Seco: precipitacións anuais que oscilan entre 800 mm e 1000 mm e temperatura media anual por enriba de 14°C. Os valores medios de amplitude térmica sitúanse entre 12,5°C e 13,5°C.

OS SOLOS

Tramo acantilado con solos pouco evolucionados especialmente nas partes somiais e ladeiras de forte pendente, onde se desenvolven regosoles e umbrisoles dístricos. Nas vertentes máis suaves e pequenas valgadas fórmanse cambisoles dístricos.

AS AUGAS

Unidade que verte sobre as masas de Augas Costeiras 20104 e 20108 separadas preto da Punta de Pardiñas. A rede fluvial é pouco significativa tan só se pode destacar o pequeno val delimitado entre as puntas de Campo Millán e de Pardiñas.

O PATRIMONIO NATURAL

Costa do IBA Punta Candieira-Ría de Ortigueira-Estaca de Bares. Toda a liña de costa da unidade está protexida polo LIC Costa da Mariña Occidental. Unidade acantilada, o hábitat máis importante é o 1230, Acantilados con vexetación das costas atlánticas e bálticas. A aparición dalgún coído entre as puntas de Pardiñas e Campo Millán fai presente o hábitat 1210, Vexetación anual sobre refugallos mariños acumulados. Unha estreita franxa da vertente costeira acolle matogueira costeira (4030 e 4040).

ELEMENTOS ANTRÓPICOS



USOS DO SOLO

Predomina o uso forestal, xa que é o único capaz de adaptarse ao abrupto relevo que presenta o conxunto da unidade. Obsérvase tamén unha escasa zona de cultivo localizada na interface entre os dous montes que configuran a unidade e cuxa explotación se realiza a cargo do asentamento de San Xulián, na unidade contigua cara ao sur (Faro). Na culminación do Monte Faro de 194 metros, ao oeste da unidade, emprázanse un conxunto de antenas e repetidores que foron integradas nun miradoiro asociado a unha pequena zona de espaxamento.

MORFOLOXÍA

Non existen elementos construídos no conxunto da unidade á marxe da instalación do Monte Faro xa comentada.

INFRAESTRUTURAS DE MOBILIDADE

Tan só se poden sinalar dous elementos: A estrada LU-2610 que procedente do leste, discorre brevemente pola vertente norte e oeste do Monte O Pedrouzos para comunicar a unidade da enseada de Esteiro coa de Faro. Desta mesma estrada xorde unha vía que permite o acceso á praia de Portonovo e Punta de Pardiñas. Por outro lado, do xa citado asentamento de San Xulián, ao sur da unidade, parte a LU-143 que permite o acceso ás instalacións do Monte Faro así como a aproximación aos acantilados do norte do monte. Outra pista de terra procedente do citado núcleo bordea a base do monte polo oeste.


PATRIMONIO HISTÓRICO

Non existe ningún elemento patrimonial recoñecido no conxunto da unidade. Adiantado ao pé do acantilado, atópase un pequeno faro que xera un feixe de luz vermella para indicar a entrada á ría.

O CARÁCTER E A ORGANIZACIÓN ACTUAL

A Ría de Viveiro non se entendía do mesmo modo, nin presentaría unha imaxe tan singular sen o Monte Faro, un relevo prominente que, avanzado sobre a costa, identifica claramente o ámbito mariño pertencente ao interior da ría. Dende este monte mídese o escote, anchura navegable, da Ría de Viveiro que é de dous quilómetros entre o Monte Faro e a Punta de Socastro ou Fuciño do Porco ao oeste. En ambos os dous accidentes xeográficos iluminan senllos faros, o do Monte Faro ilumina cun feixe de luz de cor vermella, e o outro, o da Punta de Socastro, de cor verde. Deste modo sinálanse os límites da ría nas noites servindo de guía aos mariñeiros para entrar nela. A situación avanzada sobre a costa e a elevación sobre o nivel do mar do Monte Faro, favoreceron a instalación de antenas de comunicación ao redor das cales se acondicionou un miradoiro que permite unha amplísima panorámica de todo o sector da Ría de Viveiro.

DINÁMICA DA PAISAXE




RISCOS E IMPACTOS

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

3. AVALIACIÓN

VALORACIÓN DA PAISAXE

A unidade presenta un elevado valor paisaxístico pois non presenta usos artificiais, a excepción das antenas mencionadas. Predominan as masas forestais e a vexetación propia da costa e é un elemento fundamental para a identificación e comprensión da Ría de Viveiro. Esta unidade é, ademais, a última -e única xunto á do Monte das Modias situada máis ao norte- pertencente ao sector da Ría de Viveiro que posúe as características de "grande acantilado", o cal, combinado coa súa elevación sobre o nivel do mar (194 do Monte Faro e 216 do Pedrouzo) convértea en todo un sinal de identidade paisaxística doadamente recoñecible dende calquera punto que sexa divisada. Todo o sector acantilado está protexido pola Directiva Hábitat como LIC e ZEPA, e pola lei galega de espazos protexidos como ZEPVN. Ademais, o Inventario de humidaís galegos inclúe como ámbito de interese a Ría de Viveiro precisamente ata a fachada oeste da unidade. O Monte Faro constitúese como un espazo de interese paisaxístico xa non só pola súa condición de relevo de grande acantilado, senón por constituírse como un magnífico punto de observación de doado acceso da área de influencia da Ría de Viveiro.



4. PLANIFICACIÓN

OBXECTIVOS DE CALIDADE PAISAXÍSTICA

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

ACCIÓNNS


















A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

ÁMBITOS DE REQUALIFICACIÓN







Nesta unidade non se contemplan posibles ámbitos de requalificación.

Lenda / Leyenda

Usos do solo / Usos del suelo









- | | |
|---|--|
|  Chairas intermareais / Llanuras intermareais |  Matogueiras / Matorrales |
|  Marismas / Marismas |  Cultivos e prados / Cultivos y prados |
|  Praias / Playas |  Cultivos frutícolas e de viveiro / Cultivos frutícolas y de vivero |
|  Dunas / Dunas |  Viñedos / Viñedos |
|  Lagoas e humedais costeiros / Lagunas y humedales costeros |  Cultivos baixo plástico / Cultivos bajo plástico |
|  Cantis / Acantilados |  Forestal de repoboación / Forestal de repoblación |
|  Vexetación costeira / Vegetación costera |  Outras formacións arbóreas / Otras formaciones arbóreas |
|  Bosques autóctonos / Bosques autóctonos |  Outras masas de auga / Otras masas de agua |
|  Bosques de ribeira / Bosques de ribera |  Canteira / Cantera |
|  Bosques mixtos / Bosques mixtos |  Artificial / Artificial |
|  Bosques de recolonización / Bosques de recolonización | |
|  Outras formacións de carácter húmido / Otras formaciones de carácter húmedo | |

Asentamentos / Asentamientos

-  Asentamento de carácter fundacional / Asentamiento de carácter fundacional
-  Desenvolvemento periférico / Desarrollo periférico
-  Asentamento funcional / Asentamiento funcional
-  Agregado urbano / Agregado urbano
-  Nova agrupación / Nueva agrupación
-  Outras edificacións / Otras edificaciones

Hidrografía / Hidrografía

Patrimonio / Patrimonio

-  Bens de Interese Cultural / Bienes de Interés Cultural
-  Arquitectura industrial, militar e marítima / Arquitectura industrial, militar y marítima
-  Patrimonio arqueolóxico / Patrimonio arqueológico
-  Patrimonio etnográfico / Patrimonio etnográfico
-  Ptos de observación de conca ampla / Ptos de observación de cuenca amplia
-  Puntos de observación didácticos / Puntos de observación didácticos
-  Puntos de observación / Puntos de observación
-  Faros / Faros





Toponimia / Toponimia

- Toponimia interior / Toponimia interior
- Núcleos de indentidade do litoral / Núcleos de indentidad del litoral**
- Praia / Playa
- Lugares con enerxía de relevo / Lugares con energía de relieve
- Toponimia de costa / Toponimia de costa
- Espazos de interese paisaxístico / Espacios de interés paisajístico**
- Toponimia de portos / Toponimia de puertos

Batimetría / Batimetría

- | | | | | |
|---|---|--|---|---|
|  0 m |  -20 m |  -100 m |  -500 m |  -2000 m |
|  -10 m |  -50 m |  -200 m |  -1000 m |  -3000 m |












Espazos de interese / Espacios de interés

-  Espazos de interese xeomorfolóxico / Espacios de interés geomorfológico
-  Área de interese de Taxón / Área de interés de Taxón
-  Espazos de interese paisaxístico / Espacios de interés paisajístico
-  Espazos de protección de ladeira / Espacios de protección de ladera

Rede de Espazos Naturais / Red de Espacios Naturales

Liña de dinámica litoral / Línea de dinámica litoral

Sistemas territoriais / Sistemas territoriales

-  Zona aeroportuaria / Zona aeroportuaria
-  Pista de ateraxe / Pista de aterrizaje
-  Lámina de auga do porto / Lámina de agua del puerto
-  Zona portuaria / Zona portuaria
-  Ferrocarril / Ferrocarril
-  AVE / AVE
-  Autoestradas e autovías / Autopistas y autovías
-  Corredores e vías rápidas / Corredores y vías rápidas
-  Outras estradas / Otras carreteras
-  Pistas e camiños / Pistas y caminos
-  EDAR / EDAR



1:20.000

0 100 200 400 600 800 Metros

Sistema de referencia: European Datum 1950, fuso 29
Sistema de referencia: European Datum 1950, fuso 29



